


Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura

: 00000152
: Marco, Aurora
: Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura
: Memorialia
: 84-95622-84-X
:
--
:
: 14,00€



:

438 páx.

A lenda que se teceu arredor do poeta de Taramancos encobriu a importancia da súa obra no panorama da literatura galega do século XX. A imaxe de escritor boemio, aventureiro, cazador de tigres, taberneiro... escureceu unha intensa traxectoria dedicada ao cultivo literario, nomeadamente poético, unha vocación decidida por Avilés desde neno. Por encima desa vida azarosa de certas etapas da súa vida, inzada de episodios e anécdotas, que se recuperan nesta biografía, está a personalidade dun home sensible, vocacionalmente entregado, rebelde, comprometido coa súa terra e coa súa lingua, e autor dunha excelente obra poética, que o sitúa nun lugar de relevo nas Letras Galegas. Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura organízase en catro grandes capítulos:

- IIInfancia e adolescencia en Taramancos
- IIBoemia e poesía na Coruña
- IIISaudade da terra e amor a Colombia
- IVRegreso a Ítaca

Ao longo de 300 páxinas reconstrúese a vida, non só do escritor, tamén e sobretudo do ser humano, coas súas luces e sombras. E faise a partir de valiosísimos e fidedignos testemuños orais e escritos, de fontes documentais, en grande parte inéditas, e da correspondencia persoal, alén, claro é, da investigación da autora. Inclúese asimesmo abundante material gráfico, en moitos casos inédito.

Memorialia:

Ensaio biográfico